



ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

CASA DO SINFORIANO

A pegada das Américas



Localización

Coordenadas 41.949059, -8.763258

Tipo de ben: vivenda

Concello: Tomiño

Parroquia: Goián

Lugar: Centinela

Cronoloxía: 1895

Construtor: descoñecido

Promotor: Sinforiano Estévez

Propiedade: privada

Uso actual: habitada

Estado de conservación: regular. Reformado

Comentario e descrición

Construción de planta irregular e tellado a seis augas. Está realizada en cachotería recebada e pintada, onde destacan os elementos máis nobres coa utilización da pedra. Isto vese nas pilastras das esquinas realizadas con perpiaños, as molduras que resaltan perimetralmente os vans ou a cornixa moldurada e voada. Trátase dun edificio exento cercado por un muro de pedra.

Está estruturado en dous andares perfectamente diferenciados no exterior grazas a unha liña divisoria. Na parte baixa ábrese unha pequena ventá cuadrangular e unha porta. A parte alta, na fachada que dá á rúa principal, artículase mediante unha sucesión de ventás realizadas con arcos apuntados no módulo máis largo e con arcos escarzados no módulo que sobresa. No seu costado dereito sitúase un medallón ovalado coa data de construción (1895) e ábrese unha ventá descentrada con arco escarzado. A simple vista poden apreciarse algunhas reformas, como a apertura dun van na parte frontal. En xeral, o seu estado de conservación non é moi bo. En canto ás influencias estilísticas estas son variadas, dando como resultado unha vivenda moi ecléctica, con reminiscencias historicistas, pintorescas e da arquitectura americana de finais do século XIX, mesturadas coas formas autóctonas.

Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: GOI-13

Tomino
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA